



## BANDO

D. Alfredo Llano García, Alcalde-presidente do Concello de Burela, visto o disposto no Real Decreto 463/2020 de 14 de marzo polo que se declara o Estado de Alarma para a xestión da situación de crise sanitaria polo COVID-19.

Visto a evolución da situación sanitaria pola propagación do COVID-19 en Galicia, e de acordo coas recomendacións e medidas adoptadas pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Sanidade, o Concello de Burela comunica as seguintes medidas preventivas mentres dure o Estado de Alarma:

1.- Créase un comité de seguimento da crise sanitaria no Concello de Burela integrado por:

O Alcalde, Concelleiros/as, Xefe da Policía local, Xefe de protección Civil, Secretario e Arquitecto Técnico Xefe de Obras.

2.- Respecto do funcionamento dos servicios Xerais do Concello, adóptanse as seguintes medidas preventivas:

Os servicios xerais serán atendidos na Casa do Concello en horario de 09:00 horas a 14:00 horas de luns a venres (días laborais) as consultas deberán realizarse telefonicamente ou mediante correo electrónico:

**Telefóno: 982 58 60 00**

**Correo electrónico: [burela@burela.org](mailto:burela@burela.org)**

3.- Apróbbase os seguintes servicios mínimos:

As dependencias de rexistro e oficinas xerais serán atendidas por un traballador.

A centralita será atendida por un traballador.

Os servicios de obras serán atendidos por un retén de guardia.

A prestación dos citados servizos mínimos efectuaranse de forma rotatoria. Aqueles traballadores que non estén prestando o servizo de forma presencial, estarán en todo momento localizables para no seu caso cubrir aquelas situacións de urxencia ou emerxencia que poidan xurdir.

Martes, 17 de marzo de 2020

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

---

**Concello de Burela**

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: ANW34SHRZZHAS2WS5AXTXJ3A | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1